



ASUNTO: CONTRATACIÓN DE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO RENTING, DE LOCALIZADORES PARA OS VEHÍCULOS CUXA XESTIÓN SE ENCOMENDE AO PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, INSTALACIÓN E SOFTWARE PARA A XESTIÓN DA FROTA.

1.- Antecedentes

Os vehículos cuxa xestión ten encomendada o Parque Móbil dispoñen duns localizadores GPS propiedade de Deputación Provincial. Para a xestión dos datos que se obteñen dos mesmos dispónse dun contrato de xestión de frota vencido hai uns meses.

Analizadas as necesidades do Parque móbil e dos servizos que solicitan o uso de vehículos, parece o máis oportuno refugar os localizadores dos que se dispón na actualidade, tanto porque o nivel de fallos como pola súa obsolescencia, sendo recomendable non reparalos e pasar a un sistema de arrendamento con mantemento, recaendo na adxudicataria a responsabilidade do seu uso adecuado e continuo, a súa substitución en caso necesario e facilitar un software sempre compatible cos mesmos, facéndose cargo do mantemento do mesmo e das súas actualizacións.

Deste xeito, permítese tamén aumentar a competencia, xa que licitar o software sobre os localizadores de propiedade da Deputación restrinxe as posibilidades a aqueles compatibles, que dada a obsolescencia do modelo cada vez serán menos, o que provoca que esteamos avocados a unha ferramenta de xestión con menos utilidades e maiores custos de mantemento.